

OS RELOXOS DE SOL NO CONCELLO DAS PONTES

Xosé María López Ferro

Responsable do Museo Etnográfico do C.P.I. "Monte Caxado" de As Pontes

Limiar:

*"Cando eu era un neno lembro que asombrábame
de que meu avó Narciso soubera a hora
só con ollar a posición do Sol no ceo"*

Dende os primeiros días da historia do home na Terra, este xa se decataba do paso ou transcorrer do tempo. O home primitivo coñecía perfectamente este feito e diferenciaba: o mencer, a mañá, o mediodía, a tarde, a noite ou solpor e a noite. Ao mesmo tempo, tamén sabía do paso das estacións. Coñecía cales eran as mellores horas do día para a caza, sabía que coa chegada da noite podían vir os perigos (inimigos, feras...) amparados na escuridade. Aprendeu que tiña que facer amoreamento de alimentos denantes da chegada do inverno...

Botando unha ollada a calquera civilización antiga vemos que xa tiñan o seu calendario e os seus coñecementos astronómicos:

I. Un dos calendarios máis exactos do mundo foi o "maia", cun ano de 13 meses de 20 días.

II. Os asirio-babilonios, que coas torres ou cigurats (que non eran outra cousa máis que observatorios) onde os sacerdotes babilónicos calculaban os movementos do planeta Mercurio con máis exactitude que Hiparco ou Ptolomeo, e logrando determinar o tempo de percorrido da Lúa cunha diferenza de 0,4 segundos sobre a cifra dada polos astrónomos dos nosos días.

Un dos xeitos máis sinxelos de coñecer a hora do día foi o de ollar a posición do Sol no ceo. Isto seguiu facéndose ata hai ben pouco. Outro xeito, relacionado co anterior, foi o de observar a sombra dos obxectos fixos: árbores, ramas, pedras... Ou ben chantar no chan un pao e ollar a súa sombra, comezándose deste xeito a medir o paso do tempo.

HISTORIA

A maneira de medir o tempo por medio dun gnomon é unha das máis vellas. O home fixouse na sombra proxectada polas árbores e outros obxectos fixos, observando que a súa lonxitude variaba segundo a posición do Sol, e que, pasado o mediodía, trocábase ao outro lado.

Hai 4500 anos os chineses empregaban grandes torres que proxectaban a súa sombra no chan sobre un círculo.

O faraón Tutmosis III (1501-1448 a. de C.) empregaba nos seus desprazamentos un reloxo solar en xeito de T. Se cadra é o máis antigo coñecido. Ao mediodía había que darlle a volta. Non

era moi axeitado para latitudes superiores aos 35°, pois as sombras proxeccionadas son demasiado longas. En ditas latitudes só se empregaría no verán, que é cando as sombras son máis curtas.

A tradición di que foi o sacerdote caldeo Beroso o que o levou a Grecia, 600 anos antes de C., e logo perfeccionouno Tales de Mileto. Segundo Diógenes Laercio, foi o filósofo grego Anaximandro o primeiro que empregou o gnomon na Grecia calculando un reloxo para Esparta, que instalou no ano 500 a. de C.

Herodoto di que o emprego do gnomon e a división do día en doce partes é obra dos babilonios, que foron os que llelo ensinaron aos gregos.

Vitrubio conservou os nomes dos diferentes tipos de cuadrantes solares empregados polos antigos, así como tamén os dos seus inventores: Beroso, Aristarco de Samos, Eudoxo de Cnido, Escopo de Siracusa, Parmenión, etc.

O reloxo de sol tardou máis de tres séculos en chegar a Roma dende a súa invención. Na primeira guerra púnica, os soldados romanos levaron un de Catania que, naturalmente, non marcaba as horas con precisión por estar calculado para outra latitude. Os romanos eran tan pouco afeccionados ás matemáticas que precisaron case que cen anos para decatarse do erro. Na Roma, nos tempos de Augusto, estableceuse un no campo de Marte, empregando un "obelisco" traído de Exipto, que tiña máis de 30 metros de altura. O da praza de San Pedro de Roma sinala o mediodía sobor dunha liña marcada no pavimento con bloque de granito.

Trala caída do Imperio Romano, os reloxos de sol desaparecen de Occidente. Os árabes recolleron a ciencia gnomónica dos gregos, e mantivérona; despois das cruzadas, os europeos redescubrirona, e chegou a acadar unha grande importancia.

No 1665, o astrónomo Cassini fixo un reloxo solar mediante a aplicación dun sistema moi común nas vellas casas galegas: Na igrexa de San Pedro de Bolonia practicou unha abertura na bóveda, de tal xeito que ao mediodía o sol penetraba por ela e iluminaba a liña meridiana trazada no chan, adobiada cos signos do zodíaco. O procedemento é o mesmo que o da lumieira ou media lúa das cocíñas de lareira galegas, que orientaban á cociñeira sobre a hora de xantar.

Ata a segunda metade do século XVIII, o maior centro de fabricación de reloxos de sol foi Nuremberg; logo adquire máis importancia Augsburgo, onde se construíu o reloxo de sol equinocial, con soporte graduado, regulable segundo a latitude, para poder colocalo paralelo ao plano do Ecuador. Na base gravábanse as latitudes das principais cidades europeas. Ao mesmo tempo xorde un terceiro centro na cidade de Dieppe, onde os seus habitantes, mariños e marfileiros, fan pezas de gran beleza. Estes reloxos son os coñecidos como universais, mentres que os particulares son aqueles feitos para un lugar determinado, lonxe del funcionaban con erro.

O gnomon tamén foi empregado na Lúa durante a misión do Apolo XVII. Empregouse para establecer o ángulo solar vertical local e como escala.

Nos nosos días aínda quedan tribos primitivas, coma as de Borneo, que empregan un gnomon para medir a lonxitude da sombra a mediodía coa finalidade de determinar as estacións.

O RELOXO DE SOL NA NOSA GALICIA

Ata o s. XIX a relojería na Galicia atópase relacionada con dous oficios artesanais: os canteiros e os ferreiros, os primeiros na construción dos reloxos de sol ou cuadrantes, e os segundos na dos reloxos mecánicos.

Nun país coma o galego con pouco sol, habería que coidar que este tipo de reloxos non tivera moita utilización. Nembargantes, é a autonomía máis rica de España na cantidade e calidade de pezas, sobre todo nas provincias de Pontevedra e Lugo.

A proliferación ou maior abundancia de reloxos de sol na nosa Galicia ten lugar no século XVIII e primeira metade do século XIX. Case que todos os pazos tiñan un reloxo de sol no xardín ou na súa fachada. As torres das igrexas e os hórreos foron tamén lugares para a súa situación.

Resulta paradoxal que a maior abundancia dos reloxos de sol en Galicia teña lugar ata a primeira metade do século XIX, época na que a relojería mecánica acadaba un nivel popular.

Nos claustros dos nosos mosteiros e conventos é frecuente atopar máis dun reloxo solar, como no caso dos tres do mosteiro de Celanova (Ourense) e os tres de San Francisco de Santiago; estes últimos atribuídos ao frade Marcos, o gnomon é isóscele nos que miran ao abrente e o poñente, e normal no do mediodía.

A maior parte dos reloxos solares de Galicia son anónimos. Coñécese ao autor dun tratado sobre a construción de cuadrantes, o chamado Juan Francisco Suárez Paredes, natural da parroquia de Santa María de Zas (Xinzo da Limia – Ourense).

Na parte alta da montaña luguesa, especialmente nas zonas da Fonsagrada e Becerreá, é frecuente o reloxo vertical feito en lousa, traballo eminentemente de gravado. Desta zona coñécese do ano 1853 ao autor Juan Antonio Rancaño; e do ano 1854 aos autores Tomás Bermúdez, José Losada e Juan Pérez Villarino. Un reloxo do mesmo tipo é o confeccionado polo eminente reloxeiro Juan Antonio Fernández Lombardero para a casa prioral dos Baos, na zona de confluencia das provincias de Oviedo e Lugo. Estes reloxos de lousa acadaban certa beleza, realizada por medio da policromía.

Outros reloxeiros solares coñecidos foron Andrés Martínez de Lema, autor dun en mármore no ano 1797, e Domingo de Bouza, que no ano 1811 corríxe unha peza feita no mesmo material.

O Museo Provincial de Lugo conta coa máis abundante colección de reloxos solares do País galego.

RELOXOS DE SOL NO CONCELLO DE "AS PONTES"

Dende sempre coidei que no meu concello tivo que haber grandes canteiros, ou, cando menos, que por aquí estiveron temporalmente.

Cando era neno unha das cousas que chamaban a miña atención eran os santos de pedra, preguntábame cómo era posible facer aquelas figuras e quén eran aqueles homes, artistas por suposto, con aquel don de dar vida ou crear vida nalgo que, ao longo de miles de anos, foi somentes unha pedra.

Hoxe sei que foron os canteiros, algúns deste concello, e que practicaron ese oficio traballando na construción de casas, irgrexas, hórreos, pozos, fornos, pontes, cruceiros... Tamén eles foron os que deron vida aos reloxos de sol e non os reloxeiros.

Nas Pontes, por mor das expropiacións, perdéronse moitas construcións, algunhas delas con reloxos de sol incluídos. Pedras que testemuñaban o bo facer dos nosos devanceiros e que pasaron a ser parte dos vertedoiros. Coma sempre só queda a lamentación de que dende o principio non houbera algún organismo ou entidade oficial que fora a encargada de documentar, inventariar e salvar, dalgún xeito, toda esta parte da nosa historia e pasado que se perdeu. E foi pola nosa deixadez, polo noso desinterese ou pola nosa incultura. Facendo un inciso, direi que este traballo non pretende ser un traballo profundo de investigación, senón máis ben un traballo de simple inventariado, coa finalidade de que o anteriormente dito non volva a pasar.


Dentro dos exemplares que temos (aínda que son pezas descoñecidas para moita xente e pasan desapercibidas con facilidade; por exemplo, moita xente da miña idade, e non digamos os novos, descoñece que na base da torre do campanario da igrexa parroquial de Santa María das Pontes hai un reloxo de sol) algúns deles son moi bonitos e contan con case douscentos anos de antigüidade e, ao ser de pedra, están moi ben conservados. Testemuño vivo da existencia ou estancia temporal de canteiros no noso concello, que non só se manifesta nos reloxos, pois contamos tamén con fermosos exemplares de cruceiros, cruces, campanarios, imaxes esculpidas en pedra, etc., onde nos é doado ollar o seu traballo.

Tratarei de ir dando unha descrición sinxela de cada un deles -pois non son ningún experto na materia- e ao mesmo tempo a súa situación. Agardando que deste xeito se coñeza algo máis do concello das Pontes de G^a Rguez.

LOCALIZACIÓN

Situación	Cantidades
As Pontes	2
Marraxón de Arriba	2
San Pedro de Eume	1
Pedrafita	1
Faeira	1 (sen estudar)

Reloxo de sol expicio, construído durante o reinado de Tutmosis III, no século XV a. de C.
É o máis primitivo que se coñece.



AS PONTES

Dentro do casco vello, na Vila, temos dous exemplares: un na base da torre do campanario da igrexa (é de forma cadrada) e, o outro, na parte traseira do tellado da segunda casa, á dereita, despois de pasar a ponte dos ferros, na casa dos de Fresco (é de forma de cuncha).

Hoxe quédannos só estes dous, nembargantes parece que non eran os únicos, xa que había outros exemplares como o existente no Muíño de Alende e algún máis, perdidos xa.

O **primeiro**, situado na igrexa parroquial de Santa María das Pontes, é un reloxo vertical, de forma cadrada e feito en pedra granítica. Atopámolo, segundo subimos polas escaleiras exteriores do campanario, sito case na súa base (na cara leste do mesmo). Partiuse, máis ou menos, pola metade e logo foi restaurado. Conserva a súa posición orixinal. O gnomon era de ferro, e digo era pois hoxe en día sómentes quedan restos da base.

As raias das horas parten dun semicírculo, semellando ser raios saíndo do Sol. Tamén sinala, pois están marcadas, as medias.

É o único exemplar que queda hoxe orixinario da nosa Vila, a única mostra de reloxo de Sol do século XIX que nos queda dentro do casco urbano, pois o outro existente, como deseguida comentarei, non estaba orixinariamente na nosa Vila.

Non ten data visible do ano no que foi feito.

O **segundo** está situado na casa dos de Fresco, pola súa parte traseira, na auga do tellado que dá ao leste. Non é moi doado dar con el onde está colocado. Tampouco é o seu lugar orixinal, xa que veu do lugar do Acibido, zona expropiada pola empresa ENDESA. Houbo a sorte de que os seus donos valoraron dita peza e non quixeron perdela, como si ocorreu noutras moitas ocasións e con outras moitas pezas, e non só reloxos.

Este segundo reloxo ten forma de cuncha de vieira ou venera, dobre na súa metade inferior, e con base rectangular e troncopiramidal (na zona de unión coa cuncha) traballada na mesma pedra de granito.

O gnomon coido que non é o orixinal, senón que este foi substituído por outro (se cadra, no seu traslado e a xeito de reparación) que é dun material máis novo (aluminio ou aceiro inoxidable). É de forma triangular.

As marcas sinalan tamén horas e medias, coma no exemplar anterior. E, coma el, tampouco ten data visible.



Reloxo primeiro de As Pontes (a vila).





Reloxo segundo de As Pontes (a vila).



MARRAXÓN DE ARRIBA

No lugar de Marraxón de Arriba atopámonos con dous exemplares de reloxos de sol, un de forma cadrada e outro de forma prismática.

O **primeiro** está situado enriba do alpendre da entrada dunha casa, que é propiedade de D. Antón Caaveiro.

É un reloxo vertical, de forma cadrada, está feito en pedra de granito. Ten data na parte superior, aínda que non moi lexible, é de 1873. O gnomon é de ferro e de forma triangular. Foi movido da súa posición orixinal e, se cadra, a inclinación que ten na actualidade tamén indica que non era a orixinal, pois está arrimado a unhas pedras no dito tellado. A posición orixinal seguramente era nunha das paredes da casa.

Ten marcadas as horas, as medias e os cuartos.

O **segundo** reloxo é de forma prismática. Cunha especie de canle empinada na parte superior, o que nos indica que a colocación actual non é a súa posición orixinal, xa que esta canle –con toda probabilidade– era para que lle chegaran os raios do Sol e poder marcar as horas do mediodía cando este está máis baixo aínda, é dicir, na primavera. É de supoñer que a primitiva colocación era máis alta, na esquina onde está pero no tellado. Os da casa dixéronme que fora algo movido do sitio orixinal (non lembraban cal) e que, agora, non marcaba ben as horas.

Ten tres gnomons, sinalando na cara da dereita (según se mira de fronte) as horas da mañá ou ao nacente, na do medio ou fronte ás do medio día, e na da esquerda as da tarde ou ao poñente. Está feito en pedra de granito, tamén é un reloxo vertical coma o anterior.

As marcas das horas frontais sinalan as horas e as medias horas. As dos laterais van metidas nun rectángulo e son paralelas entre si e oblicuas á base.

Non ten data visible. Está situado nunha esquina da casa pertencente aos de Benito de Marraxón de Arriba.



Reloxo primeiro de Marraxón de Arriba.





Reloxo segundo de Marraxón de Arriba.



SAN PEDRO DE EUME

Baixando cara á igrexa de San Pedro de Eume, á man dereita atopámonos coa casa rectoral. Casa que nos seus tempos debeu de ser unha casa forte pois así nolo demostra a súa construción e as súas dimensións, e que hoxe está adicada a corte e galiñeiro. (Exemplo de como se estraiga, abandona e se vai perdendo, unha vez máis, parte do noso patrimonio arquitectónico e cultural).

Pola banda que dá á estrada ten no lintel dunha das portas (a da esquerda) un gravado: un círculo cunha especie de flor no seu interior.

Na banda contraria, na parte traseira da casa, e nunha das esquinas, a do leste, ten un fermoso reloxo de sol, moi ben traballado en pedra de gran. É prismático cuadrangular e cunha base a xeito dun curto pé de copa octogonal.

O reloxo de sol está por tres das súas catro caras, marcando deste xeito as horas da mañá, as do mediodía e as da tarde. Na parte superior ten unha canle que lle permite chegar os raios do Sol e marcar as horas do mediodía, cando o Sol está baixo aínda (primavera).

Debía ter tres gnomons, dous semellantes e un diferente; só lle quedan dous: o da fronte e o da esquerda segundo se mira. Nas caras laterais os gnomons eran iguais e de forma rectangular (só queda un). As horas están marcadas paralelamente e de xeito oblicuo á base (marcando as da tarde). Na cara frontal, con gnomon diferente e case triangular, as marcas das horas saen todas do mesmo punto superior.

A súa situación debe ser a orixinal e primitiva, formando un fermoso conxunto coa casa, xa que esta ten boa cantería nas fiestras, portas e esquinas. Na parte traseira tamén conta cunha columna.

Este reloxo, en dimensións, é o máis grande dos que atopei ata agora no noso concello. E no seu corpo prismático e feitura é semellante (aínda que máis grande) ao número 2 de Marraxón de Arriba..

Atópase moi ben conservado, se cadra, por mor da súa situación, xa que está no bico dunha esquina a altura do tellado. Descoñezo a súa data de construción, pois non é visible.



Reloxo de San Pedro de Eume.



PEDRAFITA


No lugar da Pedrafita atopamos un reloxo de sol de feitura cadrada, similar ao da igrexa parroquial de Santa María das Pontes e, así mesmo, similar ao primeiro dos citados en Marraxón de Arriba.

É un reloxo dos de tipo cadrado e vertical. Non ten data visible de feitura. O gnomon é de ferro e triangular, aínda que non de todo pois ten unha pequena prolongación rectangular no seu vértice. Moi seguro que non é o gnomon orixinal, xa que non proxecta unha sombra correcta sobre as marcas das horas (como se pode comprobar nas fotografías), a sombra é moi grosa e case non permite precisar a hora.

A pedra semella ser de gran e está situado na parte alta da esquina sur da casa Nº 7 da Pedrafita.

Ollándoo de fronte presenta na parte esquerda e de arriba a baixo os números arábigos 6, 7, 8 e 9. Na parte inferior e tamén de esquerda á dereita os números 10, 11, 12, 1 e 2. E na parte dereita e de abaixo a arriba os números 3, 4, 5 e 6. Presentando por medio de raias as separacións das horas, cuartos e medias.

Reloxo da Pedrafita.





FAEIRA

Teño referencias da existencia dun reloxo de sol na parroquia da Faeira pola familia que o ten, mais polo momento non o teño estudiado. Nembargantes quero deixar constancia da súa existencia.